

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 21

ano 3

marzo-abril 2009


CENTENARIO DAS «MORTES DE OSEIRA» DE 1909

O día 22 de abril de 1909 unha vintena de **gardas civís** ás ordes dun tenente escoltaron a varios operarios que acudiran a Oseira coa encomenda do **bispo de Ourense** de desmontar o **baldaquino** do altar maior da igrexa do antigo mosteiro. Unha multitude de veciños de Oseira e doutras parroquias veciñas reuníronse ante o templo dispostos a impedilo sen que os amedrentasen as ameazas do **tenente Salinas**. Un feito que este interpretou como desacato levouno a ordenar aos gardas que abrisen fogo contra o xentío: sete persoas morreron no acto e houbo numerosos feridos, dos cales dous faleceron nos días seguintes.

Estes dramáticos sucesos conmocionaron a opinión pública, debatéronse nas **Cortes** españolas e mesmo tiveron eco na **prensa** estranxeira. Na provincia de Ourense, en vilas como O Carballiño e na capital da provincia, producíronse protestas populares nas que se sinalaba ao bispo Ilundain e ao gobernador civil como responsables morais dos feitos. Na manifestación de signo anticlerical que discorreu polas rúas de Ourense o 23 de abril, déronse voces contra o bispo, de quen se pedía a dimisión, e lanzáronse pedras contra o pazo episcopal e contra as ventás das sedes de varias entidades católicas (Seminario, colexio dos Maristas, Refuxio das Adoratrices, Círculo Católico e xornal **El Eco de Ourense**). Desde unha fiestra do Círculo respostouse con disparos intimidatorios ao aire.

No AHPOu consérvase o groso sumario que se instruíu no **Xulgado de Instrución de Ourense** contra os participantes na “manifestación de carácter sedicioso dirigida contra la autoridad del Sr. Obispo” e nel atópase inserido o documento reproducido neste número de *Fronda*. Trátase da resposta de **Modesto Lamas**, director do xornal *El Eco de Ourense*, á citación xudicial que se lle remitiu para que declarase como testemuña. A pesar de que Lamas di atoparse

indisposto para acudir ao xulgado, acabou comparecendo ante o xuíz para prestar declaración, do mesmo xeito que o tiveron que facer un gran número de ourensáns de todas as clases e condicións, xa fose por participar na protesta ou por ser testemuñas dela.



1909, maio, 10. Ourense.


Carta remitida por Modesto Lamas Sánchez ao xuíz de Instrución de Ourense na que comunica a imposibilidade de presentarse a declarar no xulgado.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 130 x 200 mm
Inserido no sumario nº 75 por delito de sedición contra José Becerra e outros instruído polo Xulgado de Instrución de Ourense.
AHPOu, Xulgado de Instrución de Ourense, C. 8927

Unha aceda guerra xornalística

O conflito que enfrontou ao bispo Ilundain cos fregueses de Oseira vírase envolto na aceda disputa xornalística entre *El Eco de Orense* e *El Miño*, que desde as súas páxinas aguilloaron aos contendentes ata que as posturas destes se tornaron inamovibles. Por iso **Modesto Lamas**, como director de *El Eco*, non era unha testemuña calquera.

Todo comezara cando o prelado resolveu desmontar o baldaquino da igrexa parroquial de Oseira que dende había tempo ameazaba con derrubarse; decisión á que se opuxeron con rotundidade os fregueses que non estaban dispo-

A photograph of a handwritten document. The text is in Spanish and includes the phrase 'Se retira de O apuro s.s.' followed by 'e' inconstitucional aunque' and 'q. l. b. l. m'. The signature 'Modesto Lamas' is written in a large, ornate cursive script at the bottom.

Sinatura de Modesto Lamas no documento que protagoniza este número de *Fronde*.

tos a deixar marchar unha peza artística que emulaba a espectacularidade barroca do altar maior da catedral de Santiago e era orgullo de Oseira. Parece que interpretaban que a retirada do baldaquino supuña a culminación dos espolios que sufrira o mosteiro desde que fora nacionalizado pola **Desamortización** liberal do século XIX.

El Eco defendía a postura episcopal e sinalaba a **Aquilino Sánchez**, xuíz de Paz de Punxín oriúndo de Oseira e republicano de esquerdas, como instigador dos fregueses, ao tempo que este criticaba ao prelado nas páxinas de *El Miño* para apoiar a resistencia dos veciños. Os dramáticos sucesos do día 22 de abril, lonxe de amainar a liorta xornalística, tornárona máis virulenta e ambas publicacións elevaron o nivel de agresividade.

Pero a polémica entre *El Eco* e *El Miño*, ambos fundados polo deputado liberal Vicente Pérez, viña de atrás. *El Eco* nacera en 1880 coa liña ideolóxica do fundador, pero dende que asumira a dirección **Valentín Lamas Carvajal** en 1883 fora derivando cara a posicións católicas e conservadoras que se acentuaron cando en 1906 o sucedeu na dirección do xornal o seu fillo Modesto. Por desacordo coa liña editorial marcada por Lamas Carvajal, Vicente Pérez fundou en 1898 un novo xornal liberal, *El Miño*. Dende aquela ambas publicacións mantiveron un constante en-

frontamento que acadou o seu clímax con motivo do conflito entre o bispo e os veciños de Oseira.

Un feito illado?

A **proliferación de prensa local** acontecida en España a finais do século XIX e principios do XX deu lugar a enfrontamentos xornalísticos deste tipo en distintas localidades. En moitas ocasións os xornais, máis que informar da actualidade, actuaron de voceiros dos partidos e esporearon as crecentes **tensións sociais e políticas** do reinado de **Afonso XIII** (1902-1931) nun contexto no que estaban a emerxer con forza movementos que cuestionaban o sistema da **Restauración**: anarquismo, socialismo, republicanismo, rexionalismos...

Cómpre saber se os sucesos de Oseira foron un feito illado desencadeado pola simple concatenación de decisións desafortunadas ou se, como sosteñen algúns autores, tamén se deben contextualizar no **panorama sociopolítico** descrito, no que o campesiñado galego estaba a experimentar un proceso de concienciación e organización (**movemento agrarista**) que o imbuía dun espírito de loita e resistencia fronte aos poderes tradicionais.

Delito de sedición

O certo é que os dramáticos sucesos de Oseira acenderon a indignación popular e serviron de catalizador do **sentimento anticlerical** dos sectores liberais e de esquerdas que sinalaron ao bispo como responsable último da traxedia. O día 23 de abril eses sentimentos tomaron as rúas de Ourense en forma de protesta popular.

No expediente xudicial por “delito de sedición” que se derivou destes feitos, as versións que aportaron as testemuñas son moi similares pero diverxen sobre o grao de participación de cada quen nas protestas: todos negan ter responsabilidade nos desperfectos ocasionados e algúns revelan nomes de manifestantes ou acusan directamente a **Francisco Álvarez de Nóvoa**, director do xornal *El Miño*, e a **Eugenio López Aydllo**, xornalista e historiador, de ser os instigadores da manifestación.

Entre os declarantes, aparecen as principais autoridades da cidade, como o bispo ou o gobernador civil, e nomes de coñecidos ourensáns como uns mozos chamados **Florentino L. Cuevillas** e **Vicente M. Risco**.



© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Texto: Pablo Sánchez Ferro e Francisco Sandoval Vereá.
D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491